



Poñendo os lentes para a Protección da Infancia

Difusión da Campaña do Consello de Europa para a
Prevención da Violencia Sexual contra a Infancia 1 de cada 5

MEMORIA DE ACTUACIÓNS

2022

ÍNDICE

1. MARCO XERAL

- 1.1 Presentación
- 1.2 Contexto
- 1.3 Descrición do programa

2. INFORME DE RESULTADOS

3. CONCLUSIÓNS, PROPOSTAS E OBSERVACIÓNS

4. MEMORIA ECONÓMICA

ANEXO I – VALORACIÓNS DO PROFESORADO

ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSÓAS FORMADORAS

ANEXO III – MEMORIA GRÁFICA

1. MARCO XERAL

1.1 Presentación

A Asociación “Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia” (AMINO.GAL) foi constituída o 26 de xuño do ano 2014 por un grupo de profesionais de diferentes ámbitos (sanidade, educación, servizos sociais, xustiza, etc.) da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5 dos estatutos contempla que as súas finalidades son:

- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos profesionais sobre o problema dos malos tratos na infancia en todas as súas modalidades.
- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos profesionais relacionados co ámbito da protección infantil sobre a necesidade de fomentar o bo trato á infancia e adolescencia por parte de todos os axentes sociais.
- Formar e asesorar sobre malos tratos infantís, os malos tratos entre iguais e a atención á infancia e adolescencia en situación de risco e/ou desamparo a profesionais e institucións de todo tipo.
- Promocionar e desenvolver programas de defensa da infancia e adolescencia, tanto a nivel estatal coma no ámbito da cooperación internacional.
- Desenvolver sinerxias con outras asociacións ou institucións.

AMINO.Gal é a única asociación galega que pertence á Federación de Asociacións para a Prevención dos Maltrato Infantil (FAPMI).

Dende a súa constitución, o seu traballo desenvólvese principalmente na prevención e orientación ás familias, a organización de xornadas e seminarios formativos, así como a impartición de cursos a diferentes perfís profesionais tanto a nivel particular como a través de programas financiados pola Xunta de Galicia.

1.2 Contexto

Os datos

Partindo dos datos da organización “Save the children”, estímase que o 23% das nenas e un 15% dos nenos sofre abusos sexuais antes dos 17 anos en España, con todo hai unha serie de factores clave que inflúen decisivamente nas dificultades de denuncia e persecución. Trátase de delitos que cometen as persoas de máis confianza dos/as menores, exercendo un poder que eles non poden controlar sendo moitas veces inconscientes do que lles está ocorrendo. Con todo, estes feitos velados e moitas veces silenciados, producen uns efectos psicolóxicos devastadores así como unha nefasta influencia no seu desenvolvemento evolutivo.

Faltan profesionais de todos os ámbitos, sociais, policiais, xudiciais e terapéuticos que estean especializados en como tratar e dirixirse aos menores e ademais moi especificamente na terrible problemática da violencia sexual contra a infancia sexual infantil (VSI). En 2021 se aproba a LOPIVI como a nova lei de protección do menor, e un dos seus fins, tal e como se reflicte no artigo 3, é impulsar a detección precoz da violencia sobre a infancia e a adolescencia mediante a formación interdisciplinar, inicial e continua de tódolos profesionais que teñen contacto habitual cos nenos, nenas e adolescentes.

Non é ata o 1 de xullo de 2010, cando aparecerá o primeiro instrumento internacional de loita directa contra o abuso sexual infantil. É a data na que entra en vigor o Convenio do Consello Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, máis coñecido como Convenio de Lanzarote.

O Convenio baseado na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, contempla o abuso sexual dos nenos/as como un delito, con independencia de quen sexa o autor ou do lugar no que se cometa: no fogar, nunha institución adicada o coidado dos nenos/as, a través de redes de crime organizado ou por medio da internet.

É dentro, tamén, do Consello de Europa, o 29 de novembro do ano 2010 cando se inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil “Un de cada Cinco”, que persegue os seguintes obxectivos:

Promover a firma, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos/as nenos/as contra a explotación e o abuso sexual;

Proporcionar ós nenos e nenas, ás súas familias/coidadores e ás sociedades coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e, deste xeito, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.

En España, a Campaña está sendo coordinada pola Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI), coa colaboración do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

En Galicia, é a Consellería de Política Social en colaboración co Ministerio e FAPMI a que ten atribuída a difusión da campaña e os materiais da mesma.

1.3 Descrición do programa

O Programa “Poñendo os lentes para a protección da infancia” é un proxecto de difusión da Campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia “UN DE CADA CINCO” en centros de ensinanza de Educación Infantil, Primaria e Especial de tódalas cidades galegas.

Os **obxectivos** do programa son os seguintes:

Xerais

- Concienciar e sensibilizar ó profesorado e as familias sobre a violencia sexual contra a infancia na nosa sociedade.
- Proporcionar ferramentas de prevención ó profesorado, alumnado e ás familias.
- Proporcionar ferramentas de detección ó profesorado e ás familias
- Transmitir a maneira de actuar ante unha sospeita de VSI
- Dar a coñecer a mensaxe e os materiais da campaña do Consello de Europa “Un de cada Cinco” para a prevención da VSI

Persoas destinatarias

Os destinatarios directos do Programa neste ano 2022 foron os mestres e mestras dos centros de Educación Infantil e Primaria de un total de 69 centros, tanto públicos coma

privados de diferentes concellos das 4 provincias galegas; así coma os 7 técnicos de formación que actualizaron os seus coñecementos sobre abuso sexual infantil a través de diferentes formación impartidas ao longo do ano.

Os destinatarios indirectos serían os alumnos e alumnas dos devanditos centros educativos, así coma as súas familias.

Principais actividades do ANO 2022

Formación dos/as técnicos

A actualización da formación dos/as técnicos que imparten os seminarios, así como a formación de novos técnicos que colaborarán ó longo deste ano, ten lugar o día 5 de febreiro de maneira presencial no centro Sociocultural Santa Marta en Santiago de Compostela. Consiste nunha xornada formativa de 7 horas. Ademáis, proporciónanse recursos e materiais para que completen a súa formación a distancia.

Por outra banda, nos meses de novembro e decembro se realiza outra formación, dirixida ós técnicos que formarán parte do programa na vindeira edición 2023. Esta se divide nunha xornada presencial en Pontevedra de 6 horas o día 5 de novembro e 3 xornadas online de 3 horas cada unha, celebradas os días 25 de novembro, 5 de decembro e 21 de decembro.

Selección de futuros técnicos de formación

Debido á dificultade dalgún dos técnicos que formaron parte do programa para continuar colaborando en 2023, tivemos que facer unha selección de novos técnicos. Para iso, no mes de setembro a través das nosas redes lanzamos unha mensaxe de que buscábamos novos formadore cos seguintes requisitos: sensibilidade co ámbito da infancia e a promoción do bo trato, que fosen profesionais do ámbito educativo e/ou social, con formación previa ou experiencia en violencia contra a infancia e con interese en desenvolver competencias docentes.

Contactaron con nós 37 personas, ás que convocamos para entrevistar a través da plataforma Zoom. Despois desa entrevista, na que se valorou a disposición, a motivación e a capacidade para desenvolverse no ámbito da formación, seleccionamos a un total de 16 ás que lle ofrecimos a primeira parte da formación (6 horas presenciais

e 6 horas online). Neses días tamén se valorou a actitude e competencias das candidatas, quedando finalmente 7 novas personas seleccionadas para formar parte do equipo de formadores do programa Poñendo os Lentes.

Contacto cos centros educativos

Dende o equipo de coordinación do programa se contacta cos centros, a través primeiro de correos electrónicos informativos, e logo, comunicación telefónica onde, finalmente, calendarízanse os seminarios formativos que logo son rexistrados no aplicativo informático creado para o programa.

Neste aplicativo rexístranse: a data xornada, persoa de contacto e datos do centro, a modalidade de formación elixida e a asignación a un formador/a.

Despois da xornada formativa, neste mesmo aplicativo engadíranse os datos relacionados co número de asistente e a valoración xeral da participación dos mesmos por parte dos formadores/as.

Difusión nos centros educativos

Os/as técnicos comenzaron en xaneiro a realizar os seminarios nos diferentes centros.

Establécese un número mínimo de 12 asistentes para ofrecer a formación de maneira presencial, co obxectivo de optimizar recursos. En xeral hai unha preferencia por que se realicen de maneira presencial (43 nesta modalidade fronte a 26 feitas a distancia), tal e como reflicte a figura 1




Figura 1. Online vs Presencial

O material amosado na charla formativa se lle facilita ós mestres/as a través de correo postal, concretamente os contos de prevención “A Regra de Kiko”. Por outra banda, os enlaces ó material descargable se facilitan por email, así como a enquisa de valoración da formación.

Seguimento de actuacións e asesoramento

As coordinadoras dentro das súas funcións desempeñan a labor de supervisión das accións formativas dos técnicos. Dita supervisión levouse a cabo contactando sempre cos técnicos, previamente á actuación formativa con fins preparativos e posteriormente, con fins de seguimento e valoración. A supervisión complementouse coa asistencia online nalgúñas acutacións nas que se considerou oportuno.

Recollida e análise de datos

Unha vez rematadas as actuacións, as coordinadoras recolleron e analizaron os datos rexistrados na plataforma virtual.

Avaliación do Programa

- Avaliación das sesións recibidas: Realízase a través de enquisas de valoración que son enviadas vía email a cada centro onde se realiza o seminario. Nese mail facilítaselles unha ligazón onde acceden para cubrir a enquisa.
- Avaliación da participación e interese do profesorado: Realízase a través dunha escala de participación e interese que é rexistrada na plataforma de coordinación, e son as persoas que realizan as charlas as que puntuán esta variable.
- Avaliación xeral do programa: Recóllense datos do número de centros que participaron e do número de mestres/as formados/as.

2. INFORME DE RESULTADOS

Participantes

O Programa “Poñendo os Lentes para a Protección da Infancia” traballou a sensibilización, a detección e a prevención do abuso sexual infantil con **975 mestres e mestras** en **69 centros educativos** de Galicia de Educación Infantil e Educación Primaria. Para realizar estas actuacións se contou coa participación de **7 técnicos de formación e dúas coordinadoras**.

Os centros educativos e Mestres/as formados/as se distribúen da seguinte forma:




Figura 2. Centros participantes




Figura 3. Mestres/as formados/as

Os/as técnicos de formación valoraron o interese e participación xeral amosado polos mestres e mestras en cada seminario, obténdose os seguintes resultados:




Figura 4. Interese e participación

Coñecementos sobre abuso sexual infantil

Un dos principais obxectivos da Campaña “Un de Cada Cinco” é proporcionar coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e crear conciencia sobre todo o que constitúe a violencia sexual contra a infancia.

Coa finalidade de avaliar o grado de coñecemento que teñen os mestres e mestras de Galicia nesta materia, utilizamos diferentes indicadores: **o coñecemento previo** da Campaña “Un de Cada Cinco”, a **realización previa de actividades** de prevención de abuso sexual infantil no centro e o **coñecemento sobre os indicadores** de abuso sexual infantil.

Unha mostra de 279 mestres/as contestaron á enquisa.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Coñecías a Campaña “Un de Cada Cinco” antes desta xornada?




Figura 5. Coñecemento da Campaña “Un de Cada Cinco”

P. Realizáronse actividades de prevención de Abuso Sexual Infantil no seu centro?




Figura 6. Realización previa de actividades no centro

P. Coñecías os indicadores de Abuso Sexual Infantil antes desta xornada?




Figura 7. Coñecemento sobre indicadores de Abuso Sexual Infantil

Previsión futura

Os obxectivos principais do Programa son a sensibilización e o aporte de ferramentas de detección e prevención do abuso sexual infantil para o profesorado dos diferentes centros educativos de Galicia. Un obxectivo derivado destes é a protección dos/as menores que son ou poden ser vítimas de abusos. Para avaliar este obxectivo se utilizaron dúas variables: a **percepción da competencia** ante unha sospeita e a **previsión de utilizar o material** de prevención nas aulas.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de ASI?




Figura 8. Percepción de competencia ante unha sospeita de ASI

P. Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as?




Figura 9. Previsión de uso do material

Valoración da formación

Para avaliar as charlas formativas, os Mestres e mestras puntuaron os seguintes aspectos: o **dominio das personas formadoras**, a **necesidade** da realización desta formación e a **satisfacción xeral** coa formación recibida. Ademais puideron plasmar as súas observacións e comentarios.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Dominio dos/as formadores/as sobre a materia




Figura 10. Dominio dos/as formadores/as

P. Necesidade da realización desta formación




Figura 11. Necesidade da formación sobre VSI

P. Satisfacción xeral coa formación




Figura 12. Satisfacción xeral

Con respecto ás observacións sinaladas polos mestres e mestras se destacan as seguintes, que fan referencia á importancia da formación en violencia sexual contra a infancia, á claridade dos formadores á hora de explicar a temática e á boa disposición do profesorado para ampliar a formación no ámbito do maltrato infantil:

“Penso que deberían ser obrigatorias este tipo de formacións tan necesarias para tentar axudar ás vítimas dun delito tan atroz.”

“Foi unha charla moi dura, fíxome reflexionar moito pero penso que é moi necesaria. Gustoume moito a materialización dos recursos como Kiko para Infantil, as dinámicas explicadas e cómo abordar o tema. Moi satisfeita coa información recibida.”

“Que haya otra formación para Secundaria.”

“Voto en falta tamén formación sobre o maltrato en xeral”

2.1 Programa completo

Engadindo o número de persoas participantes das anteriores edicións do Programa (dende o ano 2018) o cómputo total de profesionais formados a través do Programa Poñendo os Lentes ata agora é de **4223 + 975 = 5.198.**

3. CONCLUSIÓNs, PROPOSTAS E OBSERVACIÓNs

Principais conclusións

A implementación do Programa este ano, pode calificarse como positiva tendo en conta os resultados obtidos.

A valoración tanto da necesidade como da calidade desta formación é moi alta. O feedback recibido reflicte que o profesorado segue interesado en recibir formación

deste tipo. Se segue valorando (dende o inicio do programa en 2018), a innovación que supón a materia tratada, así como a profesionalidade dos formadores/as e a claridade e estruturación da exposición realizada, posto que se fai dende a adecuación da información á practicidade e realidade do entorno profesional propio da comunidade educativa.

Ditos resultados permiten, ademáis, establecer as seguintes conclusións principais:

1. NECESIDADE DE FORMAR AOS MESTRES E MESTRAS EN MATERIA DE VIOLENCIA SEXUAL CONTRA A INFANCIA

Os resultados obtidos reflicten que os coñecementos en materia de violencia sexual contra a infancia entre os profesionais que traballan no ámbito educativo son moi baixos.

Coa aprobación da **nova Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia**, búscase a prevención deste tipo de situacións, pretendéndose unha maior sensibilización, detección precoz e prevención con plans públicos dirixidos á erradicación deste tipo de violencia. E para isto, é fundamental a **formación especializada e continua** das persoas implicadas no proceso (nas que se inclúen por suposto ós docentes)

2. NECESIDADE DE INCLUIR A VIOLENCIA SEXUAL CONTRA A INFANCIA COMO CONTIDO FORMATIVO DE CARÁCTER OBRIGATORIO NA FORMACIÓN REGLADA DE CALQUERA ESPECIALIDADE RELACIONADACOA INFANCIA

Seguindo o argumento establecido no punto anterior, consideramos que esta formación debería estar incluída no curriculum universitario e de formación profesional pertinentes.

3. NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS CLAROS DE ACTUACIÓN ANTE UNHA SOSPEITA DE VSI NO SISTEMA EDUCATIVO

En numerosas ocasións o profesorado dos centros comentou a inexistencia dun protocolo de actuación ante un caso de sospeita de ASI no que hai que actuar de maneira urxente, creando así moita inseguridade entre os profesionais, ó sentir que non están respaldados. Pensamos que pode ser un obstáculo á hora de notificar ou

denunciar unha sospeita por parte do profesorado. De feito, a pregunta incluída sobre esta temática, revela que o 100% das respostas de tódolos profesionais que cubriron a enquisa a mesma: **Todos/as cren que é necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de violencia sexual contra a infancia.**

Propostas

Atendendo ás conclusións extraídas dos datos do Programa, incorporando as recomendacións dos participantes e atendendo ás implicacións da aprobación da nova Lei de Protección á Infancia, mencionada anteriormente, plantéxanse para sucesivos exercicios as seguintes propostas:

Continuidade e ampliación do Programa Poñendo os Lentes como formación continua e especializada

Nestas catro edicións do Programa Poñendo os Lentes comprobamos que a formación ofertada foi aceptada e valorada de maneira moi positiva. A labor sensibilizadora, o dar a coñecer esta realidade, foi tamén moi importante, xa que moitos docentes descoñecían por completo a incidencia do violencia sexual contra a infancia, así como os indicadores e as ferramentas de prevención.

Estes datos evidencian a necesidade de ampliar a formación a outros tipos de violencia contra a infancia e ofertala de maneira continua, para aportar ferramentas actualizadas e específicas.

Implementación dos obradoiros de prevención de violencia sexual contra a infancia dentro do currículo escolar

Consideramos que a mellor maneira de promover a prevención de situacións de violencia contra a infancia que busca a nova Lei de Protección é incluíndo no currículo escolar o material existente destinado a este fin.

Nas enquisas de avaliación do profesorado, se reflicte a intencionalidade de levar a cabo estes obradoiros de maneira voluntaria, pero por outra banda, a información final que nos chega por parte dos/as Mestres/as é que lles resulta complicado, xeralmente por falta de tempo, debido á cantidade de actividades curriculares que teñen que levar a cabo.

Polo que unha das nosas propostas sería a inclusión deste contido no eido da educación afectivo-sexual ou emocional, que se leve a cabo dentro das sesións xa existentes.

Inclusión das horas formativas do Programa Poñendo os Lentes como obrigatorias de tódolos centros educativos

Tal e como está plantexado o programa, se conta coa voluntariedade dos centros para participar. Non obstante observamos que moitas veces a información sobre o programa non pasa da persoa do equipo directivo coa que se contacta, decidindo esta mesma sobre a participación ou non.

Consideramos que a violencia contra a infancia é un tema o bastante importante para que se esixa unha formación mínima ós centros educativos por parte da Consellería de Educación. E de feito a nova Lei de Protección así o reflicte no art. 4 apartado f) *“Especialización e capacitación dos e das profesionais que teñen contacto habitual cos nenos, nenas e adolescentes para a detección precoz de posibles situacións de violencia”*.

Observacións

No desenvolvemento do Programa ó longo deste ano 2022, dende coordinación tivemos as seguintes percepcións:

- Foi moi positiva a selección das sete persoas colaboradoras que se convertiron en técnicos/as de formación. 5 delas foran voluntarias nas anteriores edicións do Programa, polo que partíamos da base de estar seleccionando a xente moi implicada e comprometida coa labor da nosa Asociación.
- Parécenos fundamental que a formación tanto dos/as técnicos como do personal coordinador sexa continua. A formación interna é unha maneira de manernos actualizados/as e enriquecer as formacións que impartimos.
- Como en todas as edicións, existiu unha gran colaboración e resposta por parte dos/as docentes formados/as, mostrando interese no tema e en varias ocasións pedindo asesoramento posterior ás charlas a Amino Galicia, para temas e dúbidas que lles xorden relacionadas co seu alumnado.

- En algunas ocasións, antes de contactar cos centros xa estes nos solicitaban a formación que coñecían a través de diversas vías (compañeiros doutros centros, redes, publicidade...), o que reflicte a repercusión que os Programa está tendo no ámbito educativo galego.

ANEXO I – VALORACIÓNS DO PROFESORADO

Enquisa de valoración da charla recibida

Especialidade: Infantil ☐ Primaria ☐ Especial ☐

¿Coñecías a campaña 1 de cada 5 antes
desta xornada? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, ¿onde a coñeciches?

¿Realizáronse actividades de prevención de Abuso Sexual Infantil no seu centro?

Sí ☐ Non ☐

¿Coñecías os indicadores de Abuso sexual infantil antes desta xornada? Sí ☐ Non ☐

¿Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as? Sí ☐ Non ☐

¿Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de
ASI? Sí ☐ Non ☐

Cres necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de
abuso sexual infantil? Sí ☐ Non ☐

Satisfacción coa xornada

Dominio dos formadores sobre a materia:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Necesidade da realización desta formación:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Satisfacción xeral coa formación:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Observacións e comentarios

ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSOAS FORMADORAS

Rexistro e valoración das persoas formadoras

Data:

Nome do Centro:

Poboación:

Nº de asistentes:

Interese e participación: (Moi alto, Alto, Regular, Baixo, Moi Baixo)

Observacións:

ANEXO III – MEMORIA GRÁFICA



1ª xornada de Formación presencial dos/as técnicos o 5 de febreiro



Materiais aportados ós/ás técnicos e contos que se lle facilitan ós centros



Materiais aportados ós/ás técnicos para dinamizar a formación



Material aportado ós/ás técnicos para dinamizar a formación



Formación presencial de técnicos o día 5 de novembro